

COMPOSICIÓN DE TEXTO (tema de tipo filosófico)

A composición identificará a problemática que se presenta, relacionando o seu contido con coñecementos adquiridos provenientes de calquera ámbito cultural. Mostrará o grao de comprensión dos problemas filosóficos formulados, estruturando o texto, captando as ideas principais, sinalando os argumentos que as sustentan, aclarando os conceptos. Relacionará o texto coa actualidade e a problemática filosófica. E isto coa maior precisión, claridade e corrección posibles.

OPCIÓN 1

“A formulación crítica do coñecemento é, fundamentalmente, unha formulación reflexiva: no coñecer que coñecemos va implícito o intento de saber cómo coñecemos e ata onde coñecemos. Agora ben, esta reflexión sobre o propio coñecer non é o que puidesemos chamar un luxo, senón unha necesidade da dinámica do coñecer humano. Necesidade que xorde dun intento de asegurar o coñecemento mesmo: non nos chega con coñecer, senón que queremos ter coñecementos certos. E entón habemos de volver sobre a gama dos nosos coñecementos para descubrir cáles son os certos e cá é o fundamento da súa certeza.

Entre os nosos coñecementos abundan máis as dúbidas e as opinións cás certezas: Pero gnoseoloxicamente a dúbida é insatisfacción e a opinión tampouco nos aquieta. A satisfacción e plenitude subxectiva do coñecer só se consegue coa certeza. Dicimos satisfacción e plenitude subxectiva, xa que non é o mesmo certeza ca verdade obxectiva. Moitas opinións son obxectivamente verdadeiras, mentres que hai non poucas certezas puramente subxectivas en desconformidade coa verdade obxectiva. Se non fose así non habería erros. Precisamente o dato de que o erro estea constantemente ó axexo obriga a ser moi esixentes coa certeza, a non contentarnos co que poderíamos chamar o lado obxectivo da súa presentación, que é a firmeza do asentimento. Buscamos que esa firmeza non sexa un puro estado emocional, unha especie de presentimento. Buscamos un apoio para “afirmarnos” sobre el. Nunha palabra, buscamos un criterio con que poder discernir cando estamos verdadeiramente certos”

RÁBADE, S., *Estructura do coñecer humano*, G. Del Toro, páx. 223-224

OPCIÓN 2

“Explícitas ou implícitas, confesadas ou secretas, e xamais completamente o un ou o outro, as filosofías non producen os seus efectos, cando os teñen, nas aulas das clases, senón na moral ou a falta de moral das tropas. Co cal, o cinismo non deixa de ser unha delas.

Entre os discípulos do sucesor de Dióxenes, atopábase unha moza distinguida e rica, Hipparquia. “Namorouse tan apaixonadamente da doutrina e do tipo de vida de Crates, que ningún pretendente, aínda que fose rico, nobre ou ben feito, conseguiu separala del. Ata chegou a ameazar ós seus pais con matarse se non tiña o seu Crates. Crates foi invitado por eles a disuadila do seu proxecto: fixo todo o que puido para conseguilo, pero, finalmente, ó non conseguir convencela, levantouse, desprendeuse diante dela de toda a súa roupa, e díxolle: “Aí está o teu home, aí está o que posúe, decidete, pois xamais serás a miña muller se non compartes o meu modo de vida”. A moza elixiuno, vestiu as mesmas roupas ca el, seguiu por todas partes, fixo o amor con el á vista de todos, e foise con el ós banquetes”. A Teodoro o Ateo, que se rira dela, contestoulle: “¿Cres, pois, que fixen mal, se dediquei ó estudio todo o tempo que, por razón do meu sexo, tería que dedicar á roca?”

GLUCKSMANN, André, *Cinismo e Paixón*, Ed. Anagrama, páx. 102

CONVOCATORIAS DE XUÑO E SETEMBRO

1. **Con carácter xeral:** os que figuran no Dexeiro Curricular Base da materia, destacando en especial os seguintes:

- a) Obter información relevante sobre un problema concreto a partir de materiais que proveñan de fontes diversas; elabora-la información, contrasta-la e utilízala críticamente.
- b) Analizar textos de carácter filosófico, identificando o problema que se presenta, explicando os termos específicos que aparecen e relacionando o seu contido cos coñecementos adquiridos.
- c) Caracteriza-los principais problemas filosóficos e identificar algunha das posicións filosóficas que se formularon ó respecto, valorando nuns e noutras a súa importancia para a comprensión da vida humana e do mundo contemporáneo.

2. **Con carácter específico:**

- a) A Composición identificará a problemática que se presenta, relacionando o seu contido con coñecementos adquiridos, provenientes de calquera ámbito cultural..
- b) Mostrará o grao de comprensión dos problemas filosóficos plantexados. Esta comprensión requerirá: Estructurar o texto; captar as ideas principais; sinalar

as razóns e os argumentos que as avalan e sustentan; aclarar os conceptos mais importantes.

c) Relacionará o texto coa actualidade e a temática Filosófica.

d) Valorarase a precisión, claridade, creatividade e orixinalidade da composición, así como todo o que poida contribuir a mostrar contidos de tipo actitudinal e procedemental.

3. **Puntuación:** (ata un máximo de 10 puntos)

Identificación do problema	2 puntos
Comprensión do problema	3 puntos
Relación do texto coa actualidade e a temática filosófica	3 puntos
Valoración da precisión, claridade ... da exposición	2 puntos

Os Correctores aplicarán estes criterios coa finalidade de valorar o grao de madurez do alumno, obxectivo fundamental da proba.